

### Un pouquiño de información:

De seguido comentamos un par de cousiñas sobre o noso proceder nos campamentos e as necesidades dos participantes nos mesmos. Todo pensado para que a estancia dos participantes dos campamentos e actividades do Camping Fieitás sexa un recordo inesquecible para os participantes.

### O día a día...

O feito de pasar con nos un tempo de actividades que o participante ten, no tempo que dure a estancia, todo incluído (aloxamento, comida... )

### Os cartos

Os cartos moitas veces son un tema delicado, polo cal:

- Non recomendamos traer cartos ás instalacións
- No caso de traelos e en campamento de menos de 5 xornadas o Camping Fieitás non se fará responsable dos mesmos en ningún momento.
- No caso de traelos en ningún momento se aconsella unha cuantía superior a 3 €/día, xa que os participantes non van ter oportunidade de gastar tanto carto.
- Nas estancias de 5 ou máis xornadas, o Camping Fieitás ofrecerá un servizo non obrigatorio de "Banco" que se abrirá puntualmente para retiradas de cartos. Soamente nos faremos responsables dos cartos depositados nese "Banco".

### Con respecto ás comunicacións:

As comunicacións co exterior, a pesar de contar con cabina nas nosas instalacións, polo xeral realízanse a través de terminais de telefonía móbil, e a presenza destes aparellos determina as seguintes pautas de comportamento:

- Desaconséllase levar este tipo de trevellos ás nosas actividades ou campamentos.
- No caso de traer móbiles tanto o terminal como a batería e o cargador deberán levar o nome do participante claramente indicado e visible.
- Horario de chamadas entrantes e saintes: de 15:00 a 15:30.
- O terminal de telefonía móbil deberá entregarse sempre ao personal da Dirección de actividades do Camping Fieitás apagado e sen batería, quedando deste xeito baixo a súa custodia.
- O uso dos teléfonos móbiles está restrinxido unicamente ao tempo libre de despois de comer. Nunca estara permitido nas actividades.
- Os terminais devolveranse no momento da despedida da actividade.
- O Camping Fieitás, en ningún momento se fai responsable dos gastos derivados do uso ou abuso do móbil, non os posibles destrozos sobre o terminal se estos se producen fora do tempo de custodia do mesmo (cando os teñen os participantes)

**Para outro tipo de comunicacións**, pais e docentes podrán establecer contacto con nós a través das seguintes canles:

- TELÉFONOS: 986 73 80 72 e o telefono do mestre.
- Mail: [camping@fieitas.com](mailto:camping@fieitas.com) (o mail levará no asunto o nome identificativo do grupo contratante)
- Facebook: [www.facebook.com/campingofieitas](http://www.facebook.com/campingofieitas)

Pregamos sepan discriminar a importancia das chamadas para non colapsar os números.

### Ausencias

Por termo xeral non se contempla a posibilidade de realizar visitas aos participantes durante a actividade. Pero se, por algunha razón, o participante ten que estar ausente das actividades, por favor, pónase en contacto co director do campamento por correo electrónico, carta ou teléfono, preferentemente con antelación. En todo caso ese ausencia temporal ou definitiva implicará o cumplimentamento da documentación correspondente.

### Menciñas e consellos sanitarios:

Por favor NON traian medicacións xenéricas ás nosas instalacións (paracetamol, ibuprofeno, aspirina... ) pois xa contamos con ese tipo de sustancias nos nosos botiquíns. Soamente será aconsellable levar medicacións específicas para o participante.

Os menores, segundo a lexislación vixente, non poden ter baixo a súa custodia, ningún tipo de menciña. Polo cal será a Dirección do Camping a encargada da custodia e administración das menciñas, tanto habituais como puntuais. Polo que no momento da recepción do grupo recolleremos as menciñas en bolsas transparentes fortes (mellor se as traen de tipo " zip") e con instrucións claras para a administración (nome, medicación, dosificación e tempos).

Para o caso das menciñas específicas estritamente precisas, deberán ir acompañadas dun informe médico que explique as tomas, dosis e horarios e unha autorización deidamente asinada polos pais ou titores para que o equipo do Camping Fieitás poda administrar esas menciñas. **EN CASO CONTRARIO NON SE PODRÁN ADMINISTRAR**

### Pequenos pero importantes datos:

- Na casa revisar a Cartilla de Vacinamento para ter todas as vacinas ao día antes do comezo da actividade.
- Todos los medicamentos levarán escrito o nome do participante e serán entregados á Dirección do campamento que será responsable da súa garda e administración (tanto regular como puntual). Na bolsa de medicamentos deben ir instrucións claras para a súa administración (escrito directamente nunha etiqueta ou na propia embalaxe).

### É imprescindible que a Dirección de actividades do Camping Fieitás dispoña de:

- Tarxeta ORIXINAL da Seguridade Social ou seguro privado (e cheques do seguro médico) xa que de ter que ir ao médico sen tarxeta a Seguridade Social pasaralle a factura aos pais do menor.
- É preciso que os pais enchen e asinen a Autorización (adxunta á FICHA DO PARTICIPANTE) para a administración de menciñas específicas ou xenéricas (ibuprofeno, paracetamol, etc.). En caso contrario, non se administrarán nunca medicamentos sen a prescripción facultativa pertinente.
- Non se permitirá nunca ningunha menciña en posesión dos menores, polo que todas as menciñas estarán gardadas no lugar destinado para tal fin (nunca nos dormitorios, mochilas, etc.).
- Todas as medicacións deberán ir acompañadas da prescripción facultativa oportuna ou copia de receita médica a nome do participantes